EXERCICIO AUTOAVALIABLE DO ANEXO: O CONTEXTO HISTÓRICO- SOCIAL

1. **LE O SEGUINTE TEXTO e contesta ás preguntas:**

Un día advertiron (os labradores galegos) que o chan que fecundaban coa suor da súa fronte se lle ía das mans, porque o señor cos seus ***foros*** *e o prestamista coa usura e o* ***cacique*** *cos* ***tributos*** *e mil bichos máis coas súas rapiñas, eran uns homes de insaciables tragadeiras e de tan pouco pudor que non sabían outra cousa que reducir a vida a este só problema:* ***a emigración.***
Pero ese día, feliz e venturoso, decatáronse tamén de que o seu número era enorme e que na unión atoparían a forza.
E asociáronse.
E aquel día, en metade do campo galego, escoitouse un canto de redención tosco e rudo coma un alarido celta, que estremeceu á terra e sacudiu as almas de todos os explotados, fundidas nunha soa e tremenda aspiración: ¡LIBERTÉMONOS!

BASILIO ÁLVAREZ (1912), texto adaptado.

A) En que movemento social de comezos do século XX incorporarías o seguinte texto e por que?
B) Define coas túas palabras os termos que están en negriña.

2. **Indica se son verdadeiras ou falsas as seguintes afirmacións sobre as Irmandades da Fala:**

		V	F
1	O seu obxectivo principal era reivindicar a lingua e a cultura de Galicia.		
2	As Irmandades da Fala xurdiron como consecuencia dun amplo movemento reivindicativo do campesiñado.		
3	Constituíronse oficialmente en 1926, dando lugar á creación do Seminario de Estudos Galegos, institución de carácter científico que promoveu a investigación sobre a realidade galega.		
4	Unha das direccións nas que se orientou o traballo das Irmandades foi a reivindicación da desaparición dos foros e a transformación da agricultura.		
5	As irmandades pretendía o ingreso das nacionalidades na Liga das Nacións e o federalismo con Portugal.		
6	A creación das Irmandades marcou o nacemento do nacionalismo galego.		

SOLUCIÓN:

1.

A) Neste texto dá conta do **AGRARISMO**, movemento que ten a súa orixe nos males do campesiñado. Trátase dun proceso reivindicativo que procura as melloras nas vidas dos campesiños: adopción de novas técnicas para o campo, a mellora da maquinaria, a fertilización da terra. Para conseguir isto era necesario a redención dos foros e que o campo pasase a mans dos labradores. Basilio Álvarez, autor deste texto, foi a figura máis representativa deste movemento que dirixía a **Liga Agraria de Acción Gallega.**

B) **FORO:** contrato estendido en Galicia, polo que unha persoa lle arrendaba unhas terras a outra a cambio dunha cantidade de diñeiro ou de produtos da terra.
CACIQUE: Persoa que exerce autoridade abusiva sobre unha colectividade valéndose do seu poder económico ou da súa posición social.
TRABUCOS: Cantidade que se paga como contribución ao tesouro público; imposto, tributo.
EMIGRACIÓN: Mudanza periódica de hábitat neste caso da xente galega.

2. **VERDADEIRO OU FALSO**

	V	F
1	X	
2		X
3		X
4		X
5	X	
6	X	

CUESTIÓNS SOBRE O TEXTO 1 DA ANTOLOXÍA: *A VELLIÑA VELLA*

1. **Cal é a estrutura deste texto?**
2. **Identifica o tema central da historia e explícao.**
3. **Que simbolizan os fillos da vella?**
4. **O personaxe central deste conto é a vella. Analízao e indica que valor ten.**
5. **Que pensamentos de V. Risco se materializan no personaxe de Pai Soares. E Por que representa este personaxe o auténtico espírito do pobo galego?**

SOLUCIÓN:

1. O texto podémolo estruturar a igual cun conto tradicional en tres partes:
   - **Introdución:** desde o inicio ata «*ós meus fillos*...» onde temos o encontro con Pai Soares, presentación da situación límite da velliña e esperanza dun novo futuro.
   - **Nó:** desde a «*E a velliña vella colleu para a vila*....» ata «...*e revolveuse e seguiu sachando no eido*». Agravamento da situación precaria da vella ao se ver desatendida por todos e cada un dos seus fillos aos que acode.
   - **Desenlace:** desde «*A velliña vella, magoada, tristeira*...»ata a fin do relato. Procura da vella por revivir o pasado e o mito.
2. Esta actividade intenta comprobar a comprensión do texto, e de paso, a capacidade para localizar o tema.

   - O tema do texto é unha parábola da situación de Galicia, abandonada e desasistida polos galegos, que debe reivindicar o seu pasado para subsistir.

3. Os fillos da velliña simbolizan as distintas posibilidades de defensa dos dereitos nacionais e constitúen un abano representativo dos distintos sectores da sociedade galega.
   - O avogado: representa o estrato ilustrado do mundo urbano. Reflicte a defensa e o sometemento ao sistema xurídico imposto polos foráneos, que non respecta as reivindicacións políticas, económicas e culturais de Galicia. Este fillo simboliza a submisión dos galegos e galegas que acatan as leis foráneas e se amparan a un sistema legal que foi creado desde o exterior «*Eu non defendo máis que os dereitos que estean amparados pola lei*».
   - O escritor: tamén representa a elite ilustrada da cidade. Este fillo simboliza a falta de compromiso coa terra, o escapismo ante unha literatura reivindicativa e combativa, xa que se presenta a si mesmo como un mero transmisor da ideoloxía dominante; manifesta unha postura de resignación e conformismo coa situación de Galicia «*Eu non vos podo defender, se non perderei o creto*».
   - O americano: é un personaxe que recolle as características propias do mundo rural e das clases populares. Representa o prototipo de galego retornado da emigración, que regresa á súa terra enriquecido pero sentíndoa allea, e que só ten interese en escalar postos na sociedade da que partiu para rachar así cun pasado que o empurrou a buscar

traballo no estranxeiro «*Se eu vos dese tino, ¿quen me iba chamar gran filántropo?*».

- O labrego: ao igual que o americano, representa as clases populares e o mundo rural. Este fillo personifica, como representante que é da meirande parte da sociedade, a posibilidade de reconstrución nacional «*Se ti queres, recobrarei as miñas terras, os meus fillos voltarán onde min, e tornarei a ser o que fun*». Mais a súa dependencia do sistema económico e político (caciques, foros e trabucos) imposibilitan a acción. Risco emprega este personaxe como símbolo da impotencia, da renuncia ao cambio e do conformismo fatalista dos oprimidos «*Mais neste mundo, cada un goberna a súa vida e procura do seu*».

Perante a negativa reiterada dos seus fillos que se negan en asistila. Risco expón de xeito moi gráfico os problemas que impiden o cambio profundo da sociedade galega. Así pon énfase sobre todo na dificultade de cambiar dos distintos sectores poboacionais galegos: intelectuais, emigrantes e labregos.

4. A personaxe central do conto é a "velliña vella", que é unha personificación de Galicia. Risco escolleu para esta figura literaria a expresión que reitera o lexema alusivo á moita idade e ao deterioro (vell-); pero matiza o substantivo co ton afectivo achegado polo sufixo –iña. O valor connotativo que achega esta combinación léxica é polo tanto o da personificación de Galicia na figura dunha nai centenaria, triste, pobre e desamparada.

- A vella pídelles aos seus fillos que reparen as aldraxes que lle foron feitas e que lle devolvan os seus dereitos. Se analizamos esta petición da vella no sentido figurado que ten o texto, podemos concluír que é a propia Galicia quen pide aos seus fillos que a rediman, que a liberen dos seus opresores e que lle devolvan o esplendor de antano.

- A velliña vella atópase nun estado total decrepitude, a súa saúde está moi deteriorada e apenas lle quedan forzas. Este estado depapeurado da protagonista vese intensificado polo uso dunha adxectivización altamente simbólica, que garda unha relación directa coa situación de Galicia: vella, soliña, tristeira, amargurada, probe. O significado que esta adxectivización ten é o de representar a Galicia como unha nación cansa, que necesita que a rediman, que a rescaten do abandono que está a sufrir por parte dos seus moradores que a esquecen e non a aman.

5. Pai Soares representa o auténtico e antigo espírito do pobo galego, por iso aparece suxeito á tradición da peregrinaxe a Santo André de Teixido na costa coruñesa, xa que segundo a crenza popular "vai de morto quen non foi de vivo". Os aspectos do pensamento de Risco que se materializan na figura de Pai Soares son:

- A exaltación do mundo medieval, xa que o escudeiro representa o pasado esplendor medieval fronte ao abatamento do presente.
- O cristianismo está presente na figura de Soares, xa que a peregrinación a Santo André é de tradición cristiá.
- O atlantismo: Pai Soares diríxese cara ao norte, traslado do atlantismo (predominio do espírito fronte ao materialismo da civilización mediterránea), que para Risco representa o verdadeiro ser de Galicia.

TEXTO 2: *OS SEÑORES DA TERRA*

1. **Otero representou coma ninguén a decadencia da fidalguía decimonónica e o nacemento doutras novas clases sociais. A cal fai referencia no texto e que simboliza?**

SOLUCIÓN:

1. Otero fala do nacemento dunha nova clase social a burguesía comercial –neste caso un recadador-. Clase social que irrompe na vida tradicional galega, traendo ideas materialistas (enriquecemento burgués) destructores dos modos de vida tradicionais. Por outro lado tamén neste texto amósanos a incapacidade da fidalguía para se converter nesa burguesía agraria, mediante a consecución da propiedade plena da terra e a organización da produción con vistas ao mercado.

   É o nacemento dos famosos señoritos.

SABER MÁIS

A novela Il Gatopardo de Lampedusa, amosa tamén a decadencia, neste caso da aristocracia, que ten que compartir o poder coa burguesía ascendente.

TEXTO 3: CASTELAO

1. **Tendo en conta as imaxes procedentes da obra pictórica de Castelao. Que realidade está reflectida na imaxe? Fai unha breve descrición do que pretende trasmitirnos, atendendo ás características comúns da súa obra. Ademais dá un tema que lle acaia ben a cada imaxe.**

SOLUCIÓNS:

1ª imaxe: Faunalia

Tema: A fecundidade

Trátase dunha acuarela pertencente á serie homónima de Castelao que realizou entre 1940 e 1941 ao pouco de chegar a Bos Aires.

Representa o mundo máxico e pagán, que en Castelao acostuma proceder e facer referencia ás orixes celtas de Galicia, vólvese agora cara á cultura mediterránea na figura do deus romano dos bosques, Fauno-Pan na mitoloxía grega. Este deus, protector da natureza e encargado da súa fecundidade é o protagonista da acuarela, preséntao desenvolvendo o seu labor fecundador en metade dun frondoso bosque. A súa reprensentación non exenta de ambigüidade. A súa actitude protectora cara aos elementos do bosque contrasta coa actitude libidinosa coa que se abraza exprimindo os senos que lle ofrece á terra.

O colorismo e frescura da acuarela poden recordar aos cadros realizados durante as décadas dos anos 10 e 20, pero a técnica de tinturas planas e pincelada lamida propia destas obras desaparece agora en favor dunha técnica impresionista de toques breves e rápidos de pincel. *Faunalia* é unha das últimas creacións de Castelao caracterizadas por un aire lúdico e despreocupado que desaparece nestes anos a favor dun maior compromiso social e unha profunda implicación política a favor da terra que o viu nacer.

2ª imaxe

Tema: O caciquismo

Observamos nesta imaxe a caracterización dos caciques mediante roupas elegantes, o uso de chapeus e puros, pero estes aparecen ridiculizados xa que Castelao –autor monolingüe- fainos falar en castelán, e estilizando as súas formas, ou engordándoos esaxeradamente, tipoloxía moi diferente ás representacións dos campesiños en Castelao, que falaban sempre en galego e eran máis naturalistas na súas faccións. O caciquismo era un dos grandes temas do vivir galego que daban motivos suficientes para a disconformidade a Castelao, facéndoos protagonistas dos seus debuxos como opresores da sociedade galega, sendo o branco das súas críticas. Expresa a desconfianza ante a política que se practicaba naquel momento, xa que a vía coma un instrumento de crecemento persoal e de alienación do pobo. O debuxo, como é característico no noso autor, redúcese ao uso dunha liña de ritmos curvos, que forman unhas figuras planas, pero á vez expresivas.

3ª imaxe

Tema: A emigración.

Descrición: *"Aunque o meu home vai fora non terei voto, pero seguirei pagando todo-los trabucos"*

Estamos ante un debuxo moi detallista no cal observamos claras influencias dos gravados de Goya, que se respaldan coa confirmación de que Castelao, gran admirador deste pintor, posuía unha das copias dos *Caprichos*. Aínda que pola súa modernidade tamén nos pode parecer próximo ás augafortes de **Käthe Kollowitz** (1867-1945), artista gráfica alemá que concibiu gran parte da súa obra como protesta social das condicións de traballo no Berlín da súa época. Castelao coñeceu a súa obra a raíz da viaxe por Francia, Bélxica e Alemaña que realizara anos antes. O sombreado, realizado mediante liñas paralelas, é característico deste tipo de técnicas de gravado.

Trata de novo a temática da emigración na figura dunha muller que se queda na casa, coidando dos fillos e pagando os impostos, mentres o seu marido vai traballar fóra. O artista é un defensor dos dereitos da muller, reivindicando o sufraxio universal, que se conseguirá anos despois. Ve ao colectivo de mulleres coma un sector marxinado da sociedade galega, vítimas dun mundo feito polos homes, xa que ante a opinión e a política era un ser nulo, pero non o era ante os deberes e a administración (á hora de pagar impostos tíñao que facer igual que os homes). A carga expresiva concéntrase na imaxe, potenciándose a través dun contrastado claroescuro. Salientan as grandes proporcións das mans da muller, mans traballadoras, seguramente do campo, semellantes ás dun home. Mans que traballan e que tamén protexen ao seu fillo que dorme inocente sen percatarse do negro futuro que lle espera.

TEXTO 6: OS LOBOS

A obra de Fole inspírase na nosa tradición oral.

1. **Como se plasma esa tradición oral na técnica narrativa e nos temas do relato "os lobos".**
2. **De que procedementos se vale a voz narradora para lle dar veracidade á historia?**
3. **Que tipo de escenario aparece e cal pode ser o seu valor narrativo?**

SOLUCIÓNS

1. A historia nárrase en primeira persoa e o lector actúa de auditorio. O tema característico da tradición oral galega: os lobos.

2. Fala en primeira persoa, relatando os feitos que lle aconteceron a el "eu matei un con dous tiros de postas", e dirixese directamente ao lector: "sabedes cando se atreven os lobos cos homes?"**.**

3. Escenarios rurais galegos: Viana, Moá. Confírenlle verosimilitude ao relato.

TEXTO 7: A ESMORGA

Trátase dun fragmento de *A esmorga* onde o protagonista Cibrán presta declaración perante o xuíz. A voz do xuíz non aparece como recurso retórico para realizar a incomunicación entre a xustiza e o acusado e para suxerir que nada do que diga pode influír sobre esa figura distante, case ausente do xuíz. Durante a confesión o acusado pretende amosar a súa inocencia e presentar probas das duras circunstancias que lle tocaron vivir e que o levaron a ser o home que agora é.

1. O texto está redactado coa chamada técnica telefónica. Explica que significa iso e por que a utilizou Blanco Amor.

SOLUCIÓN

1. A declaración de Cibrán adopta, pois, a forma dun diálogo truncado ou monodiálogo. O emprego desta técnica, que algúns chaman telefónica, admite varias interpretacións. A máis elemental consiste en supoñer que Blanco Amor evitou así unha novela bilingüe, pois de falar, o xuíz debería facelo en castelán, xa que logo, na súa boca, resultaría inverosímil. Pero o criterio da verosimilitude non é decisivo para o lector.

   Narrativamente a presenza do xuíz é innecesaria, xa que se limita a facer preguntas que pola súa obviedade o lector non necesita coñecer. A non presenza do xuíz é, pois, un procedemento literario ou técnica narrativa mediante a cal se focaliza a atención do lector en Cibrán. Blanco Amor actúa aquí como o cámara que dirixe o foco de luz a un único punto do escenario para concentra nel a mirada do espectador. A ausencia do interlocutor enfatiza a tensión dramática, que depende, en gran medida, da desesperada continuidade do discurso de Cibrán.

   Por outra parte, a ausencia do xuíz – interlocutor ímplicito- reforza o aspecto simbólico da xustiza, que, independentemente de quen a administre, é sempre xorda e muda, ou como tal se presenta para todos os Cibráns do mundo. Así o explicou o propio autor: "*... non é tanto un xuíz de instrución como a xustiza, vista desde o medo e o desamparo dos pobres, desde a súa arcaica desconfianza nela*".

EXERCICIO AUTOAVALIABLE II (UNIDADE 2)



UNHA RÚA NUN PORTO LONXANO do norte. As tabernas están acuguladas de mariñeiros e botan polas súas portas o bafo quente dos borrachos. Xentes de todas as castes do mundo, cantigas a gorxa rachada, música de pianolas chocas, moito fedor a sebo...

Un mariñeiro que fala francés tropeza cun mariñeiro que fala inglés. Os dous fanse promesas de gran amistade, cada un no seu falar. E sen entenderse camiñan xuntos, collidos do brazo, servíndose mutuamente de puntales.

O mariñeiro que fala francés e máis o mariñeiro que fala inglés entran nunha taberna servida por un home gordo. Queren perder o sentido xuntos, para seren máis amigos. ¡Quén sabe se despóis de ben borrachos poderán entenderse!

E cando o mariñeiro que fala inglés xa non rexe co seu corpo comezan a cantar:

Lanchiña que vas en vela;
levas panos e refaixos
para a miña Manoela.

O mariñeiro que fala francés, arregala os ollos, abrázase ao compañeiro, e comenza tamén a cantar:

Lanchiña que vas en vela;
levas panos e refaixos
para a miña Manoela.

¡¡A-iu-jú-jú!! Os dous mariñeiros eran galegos. O taberneiro, gordo coma un flamengo de caste, veu saír aos dous mariñeiros da taberna e pola súa faciana bermella escorregaron as bágoas. E dispóis dixo para sí nun laído saudoso:

¡Lanchiña que vas en vela!

Tamén o taberneiro era galego.

Alfonso Daniel Rodríguez Castelao
Cousas

CUESTIÓNS

O presente relato pertence ao libro de *Cousas* (edición completa en 1934), a obra máis orixinal de Castelao xa que nela conxuga o debuxo e a literatura de xeito maxistral.

1. **En cantas partes podemos estruturar o texto? Indícaas e explícaas.**
2. **Cal é o tema principal?**
3. **Neste relato condénsanse as características principais da narrativa de Castelao. Xustifica esta afirmación con exemplos tirados do texto e indica cales son.**

SOLUCIÓN:

1. **En cantas partes podemos estruturar o texto? Indícaas e explícaas.**

No tocante ao texto, este pode estruturarse en tres partes:

- A primeira parte constitúena os dous primeiros parágrafos, que a xeito de preámbulo contextualiza o expazo (1º parágrafo) e presenta os protagonistas (2º parágrafo), ambos os dous presentan o espazo "*unha rúa nun porto lonxano do norte*" e os protagonistas "*mariñeiros*" dun xeito esquemático.

- A segunda parte abrangue desde o terceiro parágrafo ata o aturuxo e o "*os dous mariñeiros eran galegos"*, e nela desenvólvese o núcleo da acción do relato, porque da presentación da estampa de carácter xeral -1ª parte-, pásase ao particular e emotivo do conto: o descubrimento da identidade común dos protagonistas.

- A terceira parte dálle a volta definitiva ao relato cando xa parecía que conseguira o seu clímax. Porén, a coda da cousa acada un grao máis de emotividade a través dun terceiro protagonista que permanecera en segundo plano, o taberneiro, quen igual que os lectores vén de contemplar a escena anterior, e canta tamén a cantiga dos mariñeiros para descubrirnos a súa orixe galega.

2. **Cal é o tema principal?**

O tema principal é **a emigración**, que esparexe os galegos polo mundo enteiro "un porto lonxano do norte".

Mais nesta cousa ademais da traxedia da diáspora, máis alá dos condicionantes socieconómicos que a provoca e os conseguintes dramas persoais e familiares, provoca un alleamento da identidade. Velaquí outro dos temas preferidos de Castelao, a negación da identidade galega, que neste relato só é coñecida unha vez que o alcol desinhibe os protagonistas. O descubrimento das raíces comúns prodúcese a través dunha cantiga, polo que se constata o peso da tradición da conformación da personalidade singular galega.

De aí que ao carón do tema principal podemos falar doutros secundarios:

- A negación da identidade galega.

- A importancia da tradición.

3. **Neste relato condénsanse as características principais da narrativa de Castelao. Xustifica esta afirmación con exemplos tirados do texto e indica cales son.**

Este relato condensa as características principais da narrativa de Castelao:

Dunha banda o estilo inconfundible en que prima a sinxeleza e a economía expresiva: repárese nos períodos curtos iniciais para presentar o relato, onde aparece simplemente o esencial, a modo de anotacións teatrais dun acto.

Por outra parte os protagonistas pertencen ás clases populares (dous mariñeiros e un taberneiro) e desenvolven temas recorrentes da narrativa do rianxeiro: a emigración, identidade, tradición.

Ademais, como adoita acontecer en Cousas, o relato vai concentrando emotividade ata resolverse nun final moi coidado.